



## Guía Docente

Datos Identificativos					2017/18
<b>Asignatura (*)</b>	Didáctica da tecnoloxía na educación secundaria		<b>Código</b>	652602221	
<b>Titulación</b>	2 Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria: Tecnoloxía				
Descritores					
<b>Ciclo</b>	<b>Período</b>	<b>Curso</b>	<b>Tipo</b>	<b>Créditos</b>	
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	4	
<b>Idioma</b>	Galego				
<b>Modalidade docente</b>	Presencial				
<b>Prerrequisitos</b>					
<b>Departamento</b>	Pedagogía e Didáctica				
<b>Coordinación</b>	Anta Fernandez, Maria Del Pilar	<b>Correo electrónico</b>	pilar.anta@udc.es		
<b>Profesorado</b>	Anta Fernandez, Maria Del Pilar	<b>Correo electrónico</b>	pilar.anta@udc.es		
<b>Web</b>	moodle.udc.es				
<b>Descrición xeral</b>	<p>Nesta materia trataremos de dar resposta ás necesidades de formación dos futuros docentes sobre a actuación na aula. E, é que ante a diversidade educativa e a especificidade das materias tecnolóxicas, cabe revisar as actividades a realizar na aula así como as relacións interpersoais que se establecen.</p> <p>Así abordaremos a análise de distintas metodoloxías e estratexias para levar a cabo o proceso de ensino-aprendizaxe da tecnoloxía, poñendo o acento na aprendizaxe e buscando dar ao alumno un papel activo de construtor do seu coñecemento.</p> <p>Tendo sempre moi presente que nesta especialidade contamos con espazos propios como a aula-taller e, en menor medida, as aulas de informática. Polo que traballaremos os modelos de actuación nas mesmas, que relacións favorecer, como abordar os distintos curriculums a través da proposta de actividades, que agrupamentos realizar ou que recursos empregar.</p> <p>Baseándonos sempre na análise de casos e a aplicación dos distintos modelos estudados en función dos propios criterios do alumno.</p>				

## Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A15	(CE-E1)Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización.
A19	(CE-E5)Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.
A21	(CE-E7)Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.
A23	(CE-E9)Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe.
A24	(CE-E10)Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

## Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender e valorar as materias de tecnoloxía coma un conxunto de componentes: científico, técnico, metodolóxico, de representación gráfica, económico, social, cultural e histórico.	AP15		CM7
	AP19		
Coñecer, empregar e valorar a diferente metodoloxía coma un medio para alcanzar os obxectivos didácticos.	AP21		CM3
Coñecer a metodoloxía propia da aprendizaxe por proxectos, realizando una correcta planificación que teña en conta os diferentes factores que interveñen no proceso de E-A.	AP15		CM3
	AP19		CM7
	AP21		



Coñecer os fundamentos do método de análise e realizar unha correcta planificación, tendo en conta os diferentes factores que interveñen no proceso de E-A.	AP15 AP19 AP21		CM3 CM7
Adaptar a metodoloxía empregada na aula aos contidos, ao alumnado e á fase de E-A, co obxectivo de conseguir clases motivadoras, variadas e activas, afastadas do modelo tradicional e convertendo ao alumnado en construtor do seu propio coñecemento.	AP15 AP19 AP21		CM3
Identificar as diferentes actividades que podemos realizar na aula para planificalas e aplicalas axeitadamente.	AP19 AP21		CM3
Elaborar actividades para aplicar nas diferentes situacións didácticas adaptándoas correctamente ao proceso de E-A, secuenciandoas e temporalizandoas segundo criterios pedagóxicos e didácticos.	AP21		CM3 CM7
Coñecer os diferentes recursos dos que se dispoñen, tanto na aula como no centro para poder dispoñer deles planificando o seu uso de maneira pedagóxica e axeitada ás actividades.	AP21		CM3 CM7
Incorporar as TIC nas actividades de aula para darlle ao alumno un papel activo no proceso de E-A e contribuír á adquisición das competencias básicas.	AP23		CM3
Desenvolver criterios para a creación de agrupamentos na aula en función das necesidades do alumnado e do proceso de E-A.	AP19		CM7
Coñecer e deseñar procedementos de avaliación seleccionando os instrumentos máis idóneos a cada momento do proceso de E-A, valorando as estratexias a empregar para corrixir e reorientar o proceso educativo.	AP24		CM7

Contidos	
Temas	Subtemas
A natureza da tecnoloxía.	A aprendizaxe da tecnoloxía. A construción do coñecemento e o seu uso.
A comprensión da tecnoloxía. Componentes:	Científico, técnico e metodolóxico De representación gráfica e verbal Económico e de organización Social, cultural e histórico
Tipos de actividades	Pechadas Abertas Libres
Metodoloxía de traballo en tecnoloxía	Método de análise Método de proxectos Incorporación das TIC
Materiais e recursos	Específicos da aula-taller TIC Libro de texto
A avaliación en tecnoloxía	Procedementos Instrumentos

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A15	2	0	2
Estudo de casos	A18 A19 A21 A24	8	8	16
Lecturas	A15 A18 A19 A24	3	3	6
Análise de fontes documentais	A15 A19 A21	4	4	8
Simulación	A15 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A27 C3 C7	10	40	50



Saídas de campo	A18	4	8	12
Discusión dirixida	A18	2	4	6
Atención personalizada		0		0

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais	Actividade para levar a cabo na aula en dúas fases diferenciadas: En primeiro lugar mediante unha discusión guiada polo docente, para coñecer os coñecementos previos, interese e motivación do alumnado cara á asignatura. Posteriormente daranse a coñecer os obxectivos e forma de traballo na mesma.
Estudo de casos	Análise de casos prácticos presentados polo docente.
Lecturas	Lectura de material bibliográfico e da web e busca e selección de información sobre situacións e estratexias didácticas.
Análise de fontes documentais	Análise de bibliografía e materiais didácticos da especialidade.
Simulación	<b>SIMULACIÓN DO MÉTODO DE PROXECTO:</b> O alumnado debe partir dun problema e seguir todas fases do método, desde o punto de vista do profesor e desde o punto de vista do alumno. Como profesor: Elabora a proposta que debe incluír a metodoloxía de traballo, así como nivel, unidade/s didácticas relacionadas, intencionalidade da proposta, competencias desenvolvidas, momento temporal no curso, agrupamentos e criterios seguidos, necesidades organizativas (material, ferramenta,...), dificultades para o alumno ...  Como alumno: Elabora o anteproxecto, presentando un informe. Realiza a súa construción, presentando o prototipo e o diario de taller. Realiza a avaliación e elabora a memoria do prototipo.  ? A EXTENSIÓN DO TRABALLO ESCRITO SERÁ DE 30 PÁXINAS MÁXIMO E 15 PÁXINAS MÍNIMO EN DIN A4, IMPRESAS EN ARIAL 11 A DOBRE ESPAZO E MARGES A 2 CM, EN FORMATO WORD E PDF. OS PLANOS ENTREGARANSE EN PDF. ? DEBERASE INCLUIR UN ÍNDICE PAXINADO ? ENTREGARASE A TRAVÉS DO CURSO MOODLE CORRESPONDENTE ? O PROTOTIPO DEBE ENTREGARSE NA AULA EXPOÑENDO A IDEA E O PROCESO SEGUIDO, PARA O QUE CONTARÁ CADA ALUMNO CON 5-10 MINUTOS



Saídas de campo	<p>Esta actividade realizarase en dúas fases:</p> <p>A primeira en grande grupo na que se realizará unha visita guiada a algún centro ou institución de interese tecnolóxico.</p> <p>A segunda en pequeno grupo, 3 ou 4 alumnos, segundo o acordo ao que se chegue na aula. Na que se estudarán os aspectos didácticos da actividade. Elaborando un informe no que se inclúan os seguintes apartados:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Índice paxinado</li> <li>2. Intencionalidade da proposta</li> <li>3. Fundamentación teórica que xustifique a metodoloxía empregada na proposta (dividida en partes por cada membro do equipo, de xeito que cada un estude un aspecto diferente e se chegue a unha fundamentación final)</li> <li>4. Proposta didáctica na que se contemplan actividades previas, a propia visita e actividades posteriores á visita (dividida segundo os membros do equipo)</li> <li>5. Conclusións individuais de cada membro do equipo e conclusión grupal.</li> <li>6. Referencias bibliográficas</li> </ol> <p>Anexo. Avaliación do traballo do grupo no que se reflicta claramente as responsabilidades de cada membro.</p> <p><b>CADA ESTUDANTE TERÁ PARTICIPACIÓN EN TODOS OS APARTADOS</b></p> <p><b>A EXTENSIÓN DO TRABALLO ESCRITO SERÁ DE 6 PÁXINAS MÁXIMO E 4 PÁXINAS MÍNIMO POR MEMBRO DO GRUPO EN DIN A4, IMPRESAS EN ARIAL 11 A DOBRE ESPAZO E MARXES A 2 CM, EN FORMATO WORD E PDF.</b></p> <p><b>? DEBERASE INCLUIR UN ÍNDICE PAXINADO</b></p> <p><b>? ENTREGARASE A TRAVÉS DO CURSO MOODLE CORRESPONDENTE</b></p>
Discusión dirixida	<p>Servirá como contraste da avaliación das distintas actividades.</p> <p>Cada alumno deberá presentar aos compañeiros os traballos realizados e se comentarán as distintas metodoloxías propostas.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
<p>Simulación</p> <p>Estudo de casos</p> <p>Análise de fontes documentais</p>	<p>MODALIDADE PRESENCIAL</p> <p>Seguimento e fomento da participación activa do alumnado na dinámica de aula.</p> <p>Resolución de dúbidas do, a través de titorías presenciais previamente solicitadas, ou virtualmente, a través do correo electrónico e foros na aula virtual.</p> <p>Seguimento da aprendizaxe evolutiva do alumnado en función das súas características persoais.</p> <p><b>ALUMNADO CON RECOÑECIMENTO DE DEDICACIÓN A TEMPO PARCIAL E DISPENSA ACADÉMICA DE EXENCIÓN DE ASISTENCIA</b></p> <p>Debido ás características do curso non se plantea esta posibilidade.</p>

### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
--------------	---------------------------	------------	---------------



Simulación	A15 A18 A19 A20 A21 A22 A23 A24 A25 A27 C3 C7	Traballo individual tutelado de deseño e realización dunha actividade seguindo O MÉTODO DE PROXECTOS en contextualizado nunha das materias de Tecnoloxía da ESO ou do Bacharelato. (non se admitirá de ningunha outra materia) Os requisitos mínimos para obter unha cualificación positiva son: 1. contemplar significativamente os apartados especificados, tanto na parte correspondente ao profesor coma a do alumno 2. non empregar metodoloxías de profesor transmisor do coñecemento 3. integrar significativamente as TIC 4. estar temporalizada para un mínimo de 8 sesión 5. debe estar tutorizada pola docente de xeito que se realicen, alomenos, tres revisións por esta antes da súa entrega definitiva. 6. empregar os curriculumns vixentes no momento de realización da mesma 7. os contidos incluídos no traballo deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias empregando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as citadas normas e no parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. A presenza de fontes científicas no traballo é un signo de credibilidade imprescindible para demostrar excelencia académica. 8. seguir o formato establecido 9. ser entregado a través de MOODLE no prazo acordado na aula	50
Discusión dirixida	A18	Fará as veces de exposición de traballos e proba final, servindo de contraste co resto dos traballos entregados.	30
Saídas de campo	A18	Traballo en pequeno grupo tutelado de deseño e realización dunha actividade complementaria e contextualizado nunha das materias de Tecnoloxía da ESO ou do Bacharelato. (non se admitirá de ningunha outra materia) Os requisitos mínimos para obter unha cualificación positiva son: 1. realizar a visita co grupo aula o día estipulado 2. contemplar significativamente os apartados especificados para a actividade 3. non empregar unha metodoloxía de profesor transmisor do coñecemento 4. integrar significativamente as TIC 5. estar temporalizada para un mínimo de 8 sesións, a maiores das empregadas para a visita 6. debe estar tutorizada pola docente de xeito que se realicen, alomenos, dúas revisións por esta antes da súa entrega definitiva. 7. empregar os curriculumns vixentes no momento de realización da mesma 8. os contidos incluídos no traballo deben estar apropiadamente referenciados ao longo do texto e no apartado de referencias empregando as normas APA 6ª edición. O texto literal debe declararse usando as citadas normas e no parafraseo deben figurar as fontes orixe das ideas que se re-elaboran. A presenza de fontes científicas no traballo é un signo de credibilidade imprescindible para demostrar excelencia académica. 9. seguir o formato establecido 10. ser entregado, a través de MOODLE, no prazo acordado na aula  CADA ALUMNO IDENTIFICARÁ CLARAMENTE A SÚA RESPONSABILIDADE DENTRO DO TRABALLO ENTREGADO, DE XEITO QUE SE PODA AVALIAR O SEU TRABALLO DESDE UNHA PERSPECTIVA INDIVIDUAL E OUTRA COLABORATIVA. TENDO CADA UNHA DELAS UN 50% DE PESO NA CUALIFICACIÓN FINAL.	20



## Observacións avaliación

A asistencia ás sesións presenciais é obrigatoria.

Na primeira oportunidade a cualificación final será a media ponderada das notas dos tres traballos, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5).

Se o alumno non acadada o 80% de asistencia non se avaliará o traballo realizado ao longo do curso e a cualificación será a de non presentado.

O alumnado que na primeira oportunidade non obtivese unha cualificación final positiva (5) ou de non presentado, realizará unha proba escrita sobre os contidos traballados que terá á súa disposición no curso correspondente de MOODLE, deberá obter unha cualificación positiva na mesma para que se avalíen os traballos do curso.

A cualificación final da 2ª oportunidade a media aritmética da nota da proba escrita e as dos traballos presentados, sendo o requisito imprescindible obter o aprobado previo en ámbalas dúas partes.

## Fontes de información

<b>Bibliografía básica</b>	<ul style="list-style-type: none"><li>- Cervera, D. (coord.) (2010). Didáctica de la Tecnología. Barcelona: Graó</li><li>- González, L. en Baigorri, J. (coord) (1997). Estrategias y recursos didácticos en Enseñar y aprender tecnología en la educación secundaria. Barcelona: Horsori</li><li>- Medina, A. (2008). Didáctica. Madrid: Universitas</li><li>- Ministerio de educación (2010). Didáctica de la Tecnología. Barcelona: Graó</li><li>- Vázquez, A. (2010). Didáctica de la Tecnología. Madrid: Síntesis</li></ul>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Tecnoloxía para profesorado de educación secundaria obrigatoria/652602211

Tecnoloxía para profesorado de bacharelato/652602212

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Deseño, planificación e avaliación de propostas didácticas de tecnoloxía na educación secundaria/652602222

### Materias que continúan o temario

Practicum/652602206

Traballo fin de Mestrado/652602207

## Observacións

Recomendase relacionar os traballos realizados nesta materia cos realizados na de Deseño, planificación e avaliación de propostas didácticas de tecnoloxía na educación secundaria. Así como co Practicum e TFM.

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores.

Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural.

Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sosenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais



(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías